



Sociedade Galega de Historia Natural

Dende 1973 estudiando, divulgando e defendendo o medio natural galego

Sección de Entomoloxía

Apartado de Correos nº 303 ; 36600 VILAGARCÍA DE AROUSA (Pontevedra)

www.sghn.org entomoloxia@sghn.org



Xosé Lois Rey Muñiz, con enderezo a efectos de notificación no apartado de Correos nº 303 de Vilagarcía, provisto de D.N.I. nº 35.451.163K, actuando en calidade de Coordinador da Sección de Entomoloxía da SOCIEDADE GALEGA DE HISTORIA NATURAL (SGHN), asociación inscrita co nº 584.918 no Rexistro Nacional de Asociacións.

EXPÓN:

- Que a propagación da Vespa velutina en Galicia mantense a un ritmo máis o menos constante.
- Que é necesario impulsar medidas de control. As declaracións de representantes da administración sobre que é necesario aprender a convivir con ela ou que é imposible a súa erradicación non son compatibles coa determinación de facer o imposible para a erradicar ou alomenos controlar esta especie a niveis aceptables.
- Que o pasado 3/04/19, o Consello da Cultura Galega e a Academia de Ciencias Veterinarias de Galicia organizou unha xornada de valoración sobre esta especie (A Vespa velutina en Galicia: estado da cuestión e avances científicos), na que interviron especialistas da materia e apicultores, cada quen coa súa visión, pero que a pesar de estar invitada, a administración que vostede representa, non enviou ningún representante formal.
- Que a SGHN, a partir da información propia e a obtida nestas xornadas, quere expor e solicitar unha serie de medidas, sen que o expresado no presente escrito pretenda representar as opinións vertidas na citada xornada, senón a visión propia desta entidade.
- Que actualmente existen medios desenvolvidos en Galicia para predicir a evolución da praga (aínda que esta especie non teña a consideración oficial de praga). Estes medios foron desenvolvidos con cartos públicos e unha vez rematado o proxecto inicial este é mantido polo interese particular do seu desenvolvedor. Un sistema así permite tomar decisións de prioridade de actuación para controlar determinadas zonas, optimizar recursos humanos e económicos, etc. Lamentablemente un sistema similar de predición (“Desarrollo de un sistema experto para predecir el peligro de incendios forestales en Galicia y el NO de Castilla-León”) para os lumes forestais foi desenvolvido pola Facultade de Física (Univ. Santiago de Compostela), Instituto de Investigaciones Agrobiológicas de Galicia (CSIC, Santiago de Compostela) e Centro de Investigaciones



Sociedade Galega de Historia Natural

Dende 1973 estudiando, divulgando e defendendo o medio natural galego

Sección de Entomoloxía

Apartado de Correos nº 303 ; 36600 VILAGARCÍA DE AROUSA (Pontevedra)

www.sgln.org entomoloxia@sgln.org



- Forestales de Lourizán (Consellería de Medio Ambiente, Xunta de Galicia) de 1999 a 2001 con cartos públicos financiados con nosos impostos a través da Unión Europea (FEDER)-CICYT e que quedou fora de uso por criterios que non chegamos a entender
- Que queda de manifesto que varias liñas de investigación ofrecen potentes e potenciais medios de loita (emprego de feromonas, atraentes...). Illouse o veneno da Vespa velutina, determinando que é distinto do de Vespa crabro ¿máis ou menos agresivo? Estas investigacións están agora paradas por falla de financiamento.
 - Que albiscamos un ineficiente emprego dos medios económicos e materiais para o control desta especie. A efectividade é como mínimo discutible e o investimento por niño retirado que debe ser mellorado. SGHN non está en contra da retirada dos niños, senón de como se está a facer.
 - Que en relación cos niños e a súa retirada, unha vez confirmado que hai niños que manteñen poboacións viables durante todo o ano, incluído o inverno, é necesario eliminar tódolos niños, sexa cal sexa a época do ano.
 - Que se está a empregar grandes cantidades de insecticida en estado líquido, e nalgúns lugares, como Celanova (Ourense), pasaron a empregar o insecticida na fase de aerosol, empregando unhas cantidades de insecticida sensiblemente inferiores á empregada en fase líquida. O emprego inaxeitado, nunha parte dos casos, provoca a dispersión de cantidades non menores destes venenos sen o debido control e contención.

A conservación das abellas e do resto de invertebrados é incompatible co uso incontrolado de insecticidas, uso que a SGHN ven denunciando reiteradamente pola, como mínimo, laxitude no seu control e xestión.

- Que se manifesta unha falla de formación en autoseguridad por parte de moito persoal encargado da aplicación dos insecticidas.
- Que non existe ningún estudo científico que avalíe o emprego de trampas, emporiso a Xunta subvenciona e entrega varios modelos destas trampas. Fomenta e/ou fai a vista gorda cun sistema non selectivo sobre o cal os datos previos amosan unha mortalidade non selectiva sobre outros grupos de insectos, incluídos potenciais polinizadores ou especies como a *Vespa crabro*, que goza de protección oficial en países como Alemaña.
- A maiores, as trampas entregada pola Xunta de Galicia non son as que mellor rendemento obteñen nos test realizados a diversos modelos. A maiores existe unha variación no rendemento de captura segundo a época do ano, sen que se regule o seu uso.



Sociedade Galega de Historia Natural

Dende 1973 estudiando, divulgando e defendendo o medio natural galego

Sección de Entomoloxía

Apartado de Correos nº 303 ; 36600 VILAGARCÍA DE AROUSA (Pontevedra)

www.sghn.org entomoloxia@sghn.org



- Que se indicou por relatores asistentes na citada xornada, que se están a importar outras variedades de *Apis mellifera* alleas á nosa fauna, algunhas cun comportamento máis agresivo cas raza autóctona. Entre outros factores negativos que se producirán, será unha perda de xenes das variedades autóctonas, e poden ser con alta probabilidade, unha vía de entrada de novas enfermidades e patóxenos de diversa índole.
- Que en base á Directiva 2003/4/CE do Parlamento Europeo e do Consello, de 28 de xaneiro de 2003, relativa ó acceso do público á información medioambiental e a Lei 27/2006, de 18 de xullo.

SOLICITA:

- Que se nos informe das cantidades en litros de insecticida empregados en 2016, 2017 e 2018 e tipo/s de insecticida empregado.
- Que se nos informe se o persoal que manexa estes produtos conta cos EPI axeitados e foron formados axeitadamente no manexo destes produtos e rexistrada por escrito esa formación.
- Que se nos informe se existen controis e rexistros escritos da destrución dos residuos xerados durante o manexo dos insecticidas.
- Que se nos informe sobre os controis que realiza a Xunta de Galicia sobre importación doutras razas de abellas, ou se se solicita á administración central eses datos no caso de que sexa esta quen faga os controis.
- En calquera caso solicitamos que se prohíba ou se xestione ós niveis que correspondan as importacións doutras razas, variedades, formas ou natios alleas ás locais.
- Que se potencie e publique a investigación sobre esta especie, dotando ós centros e investigadores dos medios necesarios e dentro do concurso de méritos estandarizados en investigación científica.
- Que se reforme o actual protocolo de actuación en base ás investigacións e novidades científicas que existen neste campo, que non son poucas.

Vilagarcía, a seis de abril de 2019.

Sdo.: Xosé Lois Rey Muñiz.